**SÁBADO, 22 DE NOVEMBRO – CONSELLO DA CULTURA GALEGA**

| Hora | Sesión |
|---|---|
| 9:30 | José António Souto Cabo (Universidade de Santiago de Compostela)<br>*Dos Milagres de Santiago à Crónica de Íria: a língua da prosa não documental no século XV* |
| 10:30 | Xosé Manuel Sánchez Rei (Universidade da Coruña)<br>*Aspectos da morfosintaxe do galego tardomedieval* |
| 11:30 | Eduardo Moscoso Mato (ILG-Universidade de Santiago de Compostela)<br>*Os tempos compostos ao final da Idade Media e na Idade Moderna* |
| 13:00 | Coloquio |
| 14:00 | Clausura |

## Organiza

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
INSTITUTO DA LINGUA GALEGA (ILG)

## Colabora

CONSELLO DA CULTURA GALEGA

Facultade de Filoloxía USC e Consello da Cultura Galega

Xornadas ILG 2014

# A LINGUA GALEGA NO SOLPOR DA IDADE MEDIA

## 13-22 de novembro

### Instituto da Lingua Galega



En este encomedio leuantouse toda a terra co*n* a Sa*n*ta Yrma*n*dade, entanto q*ue* nu*n*ca deyxaro*n* fortolleza en todo o rreyno de Galiza. Et esto foy porla maa viuenda dos caballeyros que no*n* fazia*n* seno*n* furtar et rroubar. Et por esto q*u*iso N*ost*ro Señor tornar porlo seu pobóó, q*ue* era este rreyno de Galiza todo destroydo porla maa viuenda destes caballeyros; entanto q*ue* tres deles morrero*n* en*n*o seg*und*o an*n*o q*ue* teuero*n* a egll*e*ia de Sa*n*tiago çerq*u*ada, et no*n* fiq*u*ou deles fillos ne*n* fillas, o qual foy hũu V*er*naldo Ean*e*s de Moscoso, et seu yrmão Alu*ar*o P*ere*s de Montãos et Lopo P*ere*s de Me*n*doça. Os outros q*ue* ficaron, ficaro*n* ataes ben como o p*rimeyr*o dia q*ue* nascera*n*: sen terras et sen vallos.

Ruí Vasquez: *Crónica de Iria* (1467-1468)

**Información e inscrición:**

http://**ilg.usc.es/actividades/simposio-ilg-2014**

e-mail: **ilg.simposio2014@gmail.com**

Actividade recoñecible como formación permanente do profesorado pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria con 18 horas lectivas.

Ininterrompidamente, desde o ano 2001 o Instituto da Lingua Galega vén organizando cada outono un simposio dedicado a un tema que o seu Consello Científico considera de interese non só para a comunidade investigadora, senón tamén para a comunidade educativa e, mesmo, para a sociedade galega en xeral. Trátase de reunións científicas nas que se trata, ante todo, de reflexionar sobre o coñecemento transmitido e de xerar coñecemento novo, mais tamén de contribuír á formación tanto dos estudantes universitarios coma das persoas xa tituladas.

En distintas edicións destes encontros o foco púxose en diversos períodos da historia da lingua galega sobre os que cumpría sistematizar o saber recibido para, a partir del, seguir avanzando. No ano 2005 celebrouse o simposio *Na nosa lyngoage galega*, en que se tratou sobre o xurdimento do galego como lingua escrita na Baixa Idade Media. Nove anos despois, baixo o título de *A lingua galega no solpor da Idade Media* o ILG propón unha reflexión sobre o ocaso do cultivo escrito do noso idioma ao final do Medievo. Nas dúas primeiras xornadas trazaranse os perfís do contexto histórico e sociolingüístico en que este proceso se produciu, prestando atención ás dinámicas sociais e políticas da Galicia da época e tamén ás diversas situacións en que daquela se encontraban o castelán, o portugués, o asturiano e o catalán. As outras tres xornadas dedicaranse especificamente á lingua galega tardomedieval, quer para analizar os seus declinantes usos escritos, literarios e non literarios, quer para presentar algúns dos cambios internos en que daquela estaba inmersa.

**Comité organizador**
Lucía Doval Iglesias (USC), Gonzalo Hermo González (USC), Ramón Mariño Paz (USC), Eduardo Moscoso Mato (USC), Xavier Varela Barreiro (USC).

**Comité científico**
Rosario Álvarez (ILG-USC), Juan Carrasco González (UEx), Francisco Fernández Rei (ILG-USC), Manuel Ferreiro Fernández (UdC), Juan Sánchez Méndez (Univ. Neuchâtel)

**Prezo**
30€ / Tarifa reducida 15€ (estudantes, desempregados e pensionistas)

**Información**
Lucía Doval Iglesias
Instituto da Lingua Galega, Praza da Universidade, 4
15782 - Santiago de Compostela
Teléfono de contacto: 8818 12809; ilg.simposio2014@gmail.com

### Xoves, 13 de novembro - Salón de Graos da Facultade de Filoloxía

| Hora | Sesión |
|---|---|
| 17:30 | Inauguración |
| 18:00 | Anselmo López Carreira (UNED / IES "María Soliño"-Cangas)<br>*Galicia no remate da Idade Media* |
| 19:00 | Ignacio Pérez Pascual (Universidade da Coruña)<br>*O castelán á fin da Idade Media* |
| 20:00 | Juan Carrasco González (Universidad de Extremadura-Cáceres)<br>*A lingua portuguesa na fin da Idade Media* |
| 21:00 | Coloquio |

### Venres, 14 de novembro - Salón de Graos da Facultade de Filoloxía

| Hora | Sesión |
|---|---|
| 18:00 | Xulio Viejo (Universidad de Oviedo)<br>*El asturiano en el tránsito de la Edad Media a la Moderna (siglos XIV-XVII): entre el retroceso y la toma de conciencia lingüística* |
| 19:00 | Antoni Ferrando Francés (Universitat de València)<br>*La mutación sociolingüística de la comunidad lingüística catalana entre el siglo XV y el XVI* |
| 20:00 | Coloquio |

### Xoves, 20 de novembro - Aula C11 da Facultade de Filoloxía

| Hora | Sesión |
|---|---|
| 18:00 | Ramón Mariño Paz (ILG-Universidade de Santiago de Compostela)<br>*Sobre algúns cambios en marcha no galego do século XV* |
| 19:00 | Henrique Monteagudo (ILG-Universidade de Santiago de Compostela)<br>*Poesía en galego nos finais do século XIV-comezos do século XV* |
| 20:00 | Coloquio |

### Venres, 21 de novembro – Salón de Graos da Facultade de Filoloxía

| Hora | Sesión |
|---|---|
| 18:00 | Ricardo Pichel / Xavier Varela (ILG-Universidade de Santiago de Compostela)<br>*Galego e castelán na documentación da Galicia do século XV* |
| 19:00 | Lucía Doval / Gonzalo Hermo (ILG-Universidade de Santiago de Compostela)<br>*A deturpación da toponimia na documentación instrumental de finais da Idade Media* |
| 20:00 | Coloquio |